# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 45 | Setembro de 2021 | PRECIO 2 EUROS



Nova Oficina de Turismo xunto ao Parque A Canuda

Páxina 3

Nace a Plataforma en defensa da sanidade pública en Ponteareas

Páxina 6

Máis de 33.000 euros da Xunta para os clubs deportivos de Ponteareas

Páxina 8

Covelo humaniza o camiño da igrexa de Santa María de Paraños

Páxina 9

Mondariz da a coñecer a súa tradición cesteira a través dun documental

Páxina 10

Protesta contra o parque eólico no San Nomedio

Páxina 12




Entrevista a Pedro Alfaro Troncoso, Presidente da S.D Juvenil de Ponteareas

## "O Juvenil ten que ser o escaparate de Ponteareas en Galicia"

páxinas 4 e 5

## Portugal - Alto Minho


Portugal: Eleições Autárquicas 2021... mais do mesmo ?!?!

Páxina 13

Ponte de Lima já está iluminada para as Feiras Novas

Páxina 14

Monção e Melgaço Granfondo by Trek 2021

Páxina 15

18 bandas no MUMI Eurocidade Tui - Valença

Páxina 16








# Rematada a intervención no cruceiro e peto de ánimas de San Roque, en Cabreira

Dentro da liña de traballo que se ven realizando de posta en valor do patrimonio histórico cultural, e despois da restauración do cruceiro de Vilacoba, da Igrexa de Leirado, Cimadevila en Fornelos e do muiño en Alxén, o Concello de Salvaterra de Miño encóntrase rematando a intervención sobre o peto de ánimas e o Cruceiro de San Roque de Cabreira, para posteriormente empezar coa restauración do palco de música de Leirado.



O cruceiro e o peto de ánimas tallados en pedra datan de finais do século XVIII e encontrábanse un estado de conservación medio, debido tamén en gran medida aos danos ocasionados no ano 2015 cando tentaron roubar a imaxe da Inmaculada que ía apoiada no fuste da columna, sobre un capitel. Esta peza atópase nun lugar con un alto valor etnográfico, xa que na contorna encóntrase a Capela de San Roque e o palco da música. Está realizado totalmente en roca granítica e presenta como cimentos tres escalóns.

De acordo ao libro "Cruces, Cruceiros e petos do Concello de Salvaterra de Miño" de Don Estanislao Fernández da Cigoña, este cruceiro puido ser realizado polo soado canteiro Ignacio Cerviño Quinteiro.

Na parte posterior do cruceiro, sitúase un pequeno peto de ánimas en forma de retablo no que tres figuras aparecen entre chamas. A figura central asemella ser a dun eclesiástico, aínda que a súa cantería é bastante tosca e esquemática, lonxe queda pois, da coidada técnica levada a cabo no cruceiro. O peto de ánimas tamén presenta unha lenda que di o seguinte: " DEVOCION DE JOSE GONZALEZ. ANO DE 1783".

A intervención realizada busca garantir a conservación da obra e frear o seu deterioro, neste caso o dano máis grande que se subsanou foi o acto vandálico que se produciu no intento de roubo da escultura. Para iso primeiro uníronse as pezas que conformaban a escultura da Virxe e levouse a cabo a limpeza de todo o conxunto, cruceiro, peto e o seu contorno.

# Instalado o segundo paso de peóns intelixente

Despois da instalación do primeiro paso de peóns intelixente no barrio da As Santas en Oleiros, o Concello de Salvaterra de Miño instala o segundo paso na Vila, neste caso na entrada do pobo, en Rúa Miño, co fin de mellorar a visibilidade e a seguridade do peón.



Este paso é moi utilizado polos nenos e nenas en época lectiva, e ao encontrarse nunha recta moitas veces pasa desapercibido, a pesares da sinalización. Con medidas como esta, coa instalación dun paso de peóns luminoso e coa redución de velocidade en todo o centro urbano búscase garantir a seguridade dos peatóns.

# Adxudicadas as obras de mellora da rede de pluviais en Lamas- Meder e Cordeiro-Alxén

O Concello de Salvaterra de Miño ven de adxudicar as obras de mellora na rede de pluviais en Lamas, na parroquia de Meder, e no Cordeiro, parroquia de Alxén, co fin de mellorar os servizos e infraestruturas por un importe de máis de 46.000,00€ a través do Plan Concellos da Deputación Provincial

As obras a realizar en Lamas-Meder consisten na construción dun colector de pluviais, a creación dunha cuneta de 70m en terra e reparación de 165 m existentes en formigón , desbroce e limpeza, barrido lo firme e capa de rodadura en toda a carretera. Así mesmo no Cordeiro realizarase unha nova cuneta en terra, desbroce e limpeza e unha capa de rodadura nos dous tramos máis danados da estrada

# Obras de mellora do camiño municipal Cruz – Oural, en Fornelos



Financiadas con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2021-2022 e a achega municipal de 52.000,00€, comezaron as obras de mellora do camiño municipal Cruz- Oural.

Pretendese así, seguir mellorando a rede municipal de estradas e viais do municipio. As obras incluídas neste proxecto consisten na mellora da pavimentación do camiño municipal que discorre entre Cruz (intersección coa estrada autonómica PO-408) e o campo de fútbol de Oural, dentro da parroquia de Fornelos.

# O Concello participará con fondos propios no 2º Plan de Rescate da Xunta de Galicia

O Concello de Salvaterra de Miño, tras a reunión mantida entre a Xunta e os Alcaldes e Alcaldesas de Galicia, acorda a participación no 2º Plan de rescate a hostaleiros e autónomos, co fin de poder axudar dun xeito áxil, eficaz e eficiente ao sector da hostalaría e autónomos.

Segundo a Alcaldesa, Marta Valcárcel, "desta maneira os concellos podemos sumarnos con recursos propios aos fondos que vai repartir a Xunta. Temos a posibilidade de axudar neste segundo Plan de rescate, evitando que os nosos hostaleiros e autónomos teñan que andar de administración en administración, presentando papeles por un lado e por outro; cremos que o máis áxil é que todo se faga a través dunha ventanilla única, acurtando prazos e facendo menos papeleo. Ademais deste xeito garantimos que as axudas se abonen rápido, no momento que realmente o precisan, cousa que non poderíamos facer se as tiveramos que xestionar nós directamente, xa que os concellos non temos esa capacidade administrativa".

Aridos do Mendo, s.l.
Mendo
áridos e formigóns
Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23
Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño


Aridos e Formigóns

# A nova Oficina de Turismo de Salvaterra ten máis de 600 visitantes no primeiro mes

Esta nova Oficina de Turismo xunto ao Parque Público A Canuda, situada nun lugar inmellorable, facilita tamén o acceso a persoas con mobilidade reducida. Esta preparada para ofrecer un servizo de calidade no que se atende consultas turísticas sobre ó municipio ademais de encargarse do servizo gratuíto de bicicletas de paseo. Estes dous servizos fan que esta oficina sexa un punto de referencia no verán para visitantes nacionais, internacionais e veciños de Salvaterra de Miño na cal xa foron atendidas mais de 600 persoas neste mes que leva aberta ao público.

A oficina está a beira da ponte internacional que une coa vila de Monção, pola cal transitan mais de 9.000 coches diarios.



Ademais de estar situada na entrada do Parque A Canuda, nunha clara aposta cara ó turismo familiar e que se complementa, como novidade, neste 2021, con catro novos porta bebés para as bicicletas de paseo.

O horario da oficina de turismo é de mércores a domingo de 10.00 a 14.00h e de 16.00 a 19.30h, de agosto a novembro.

O horario do servizo gratuito de bicicletas é de mércores a domingo de 10 a 13:30h e de 16:00 a 19:00h, de agosto a novembro. Tódolos menores de 16 anos deberán traer o seu propio casco de protección para poder empregala. Os menores de idade precisan consentimento dun titor legal.

# Premios Deliciosos do Ano da LXII Festa do Viño do Condado



A organización da LXII Festa do Viño do Condado do Tea deu a coñecer os viños premiados na cata a procura dos Viños Deliciosos do Ano nas diferentes categorías:

O Delicioso de Ouro do Condado do Tea Rías Baixas "Tinto" foi para "Señorío de Rubiós", Mencía da Adega Señorío de Rubiós.

Na categoría de "Albariño" o Deliciosos de Ouro conseguíuno "Valtea" de Adega Vilarvin, o de Prata "Bagoa do Miño" da Adega As Laxas e o de Bronce "Nora" da Adega Viña Nora.

Os Delicioso do Condado do Tea Rías Baixas "Condado" foron: o de Ouro para "Mas que 2" da Adega La Val, de Prata para "Arbastrum" da Adega Eidosela e Bronce "As Laxas" da Adega As Laxas.



# Recepción a Daniel Pérez Cortegoso

O pasado mércores 25 de agosto, o piragüista de Aguas Bravas na categoría de "Slalom" Dani Pérez Cortegoso, foi recibido na Casa do Concello.

Dani comezou no piragüismo con 12 anos e ao longo destes 7 anos xa ten un palmarés envexable e unha humildade que o levará sen dúbida a colocar o seu nome e o do noso Concello por todo o Mundo. Entre o seu extendido Palmarés atopamos: 3 veces campión de España na categoría Junior; 10º puesto no Mundial Junior no 2019; 4º posto no Campionato de España Absoluto; Campión Galego Absoluto no 2020

Recentemente ven de lograr un 9º posto no Europeo sub-23 que tivo lugar en Eslovenia, sendo un orgullo para todos e todas nós. Daniel proponse ser medallista mundial no Europeo sub-23, finalista nas Copas do Mundo Absolutas e, coma se fose pouco, quere prepararse para as Olimpiadas de París 2024.



ENTREVISTA

Entrevista de Guillermo Rodríguez

## Pedro Alfaro Troncoso | Presidente da S.D Juvenil de Ponteareas

# "O Juvenil ten que ser o escaparate de Ponteareas en Galicia"



Pedro Alfaro Troncoso é desde xuño de 2013 o presidente da S.D Juvenil de Ponteareas, entidade que acaba de ascender á Terceira División do fútbol nacional e que neste 2021 cumpre os seus 70 anos de historia.

**Por qué entraches no Juvenil de Ponteareas?**

Foi moi fácil, estábamos nas tertulias do Esportivo, e alguén comentou "O Juvenil é unha desgraza". Aínda que eu estaba vinculado co ciclismo, seguía pagando o meu recibo de socio pero ía (ao campo de) Pardellas cada dous ou catro anos. Nin sabía na categoría que estábamos. Fundamentalmente os que me deron a puntilla para decidir entrar no Juvenil foron Manolo Fernández, Manolo Da Ponte, Manolo de Prudencio, e Juan Sotelo, da parroquia de Oliveira. Comentáronme que o Juvenil estaba a punto de descender á Terceira autonómica, tamén denominada Terceira Provincial, a categoría máis baixa que había no fútbol.

Con Telmo Pedrera, que fíxose cargo da parte técnica, e co "Cholo" Sobral, quen era o adestrador, marcámonos o obxectivo de "Terceira a Terceira". En sete anos fumos subindo de categorías.

**Ti nese momento realmente creías que era e "Terceira a Terceira"?**

A miña nai sempre dicía que eu era moi cabezón. Nas miñas distintas tarefas profesionais nas que estiven, como o ciclismo, sempre marcámonos obxectivos e así fóronse conquerindo.

**Antes dicíanse que todas as aldeas de Ponteareas e Salvaterra tiñan un equipo de fútbol e que desa maneira era imposible facer un equipo semi-profesional. Iso segue existindo agora?**

Non. Por desgraza nas parroquias agora só quedan Oliveira, Areas e Xinzo. Mais perto de nós están o Pesqueiras, O Castelo, e xa despois están O Covelo, A Cañiza, Mondariz, Salvaterra, O Progresista en Fornelos... Eu cando falo de Ponteareas, falo do que é a bisbarra, da comarca Condado-Paradanta.

**Pero agora hai moitos menos equipos.**

Si, por desgraza O Progresista deixouno fai un par de anos.

**O Juvenil, vese favorecido pola desaparición de tantos equipos?**

Non porque os rapaces agora cando empezan a xogar fano con 4 ou 5 anos, veñen das escolas da S.D. Ponteareas ou Vila do Corpus. Pero por desgraza estanse indo a O Porriño, á escola de Denis Suárez en Salceda, que está funcionando moi ben, outros ao Santa Mariña, e os mellores van ao Celta. Eu persoalmente penso que os rapaces, como mínimo ata rematar cadetes, non debían saír do seu pobo e despois, aqueles que teñan condicións, pois xogar nunha liga nacional.

Nós tíñamos co difunto Pepe Represas (ex alcalde de Ponteareas falecido en maio de 2021) o "Programa Juvenil" que buscaba como mínimo a colaboración da Sociedade Deportiva Ponteareas, que agora mesmo é filial do Juvenil, e que tódolos equipos de base estean como mínimo en Liga Galega porque faríache ter moito mais nivel e así os rapaces non teñen que saír a Vigo, O Porriño ou Salceda. Este proxecto vai polo bo camiño. Este ano tivemos conversas moi avanzadas co Vila do Corpus. Para 2022 temos que ter a base fusionada.

**Pero o Juvenil tiña tamén un equipo juvenil.**

Si pero este ano o equipo juvenil noso integrouse na S.D. Ponteareas. Xa iniciáronse tamén os adestramentos do equipo B, que é o que queremos darlle acougo a todos eses rapaces que saen de Junior, de Juveniles, e que non teñen aínda a experiencia e calidade suficiente para xogar en Terceira Autonómica, que adestren algúns deles co primeiro equipo e que logo compitan co equipo B. Sen esquecernos nunca do apoio e colaboración que temos co Oliveira, co Xinzo, con As Neves, incluso con A Cañiza. O Juvenil ten que ser como a vila de Ponteareas no plano administrativo, comercial. O Juvenil ten que ser a cabeceira da comarca e conquerir pouco a pouco con tódolos clubs, colaboracións para facer a base do Juvenil con xente da bisbarra.

**Como enfocas o futuro inmediato do Juvenil? Hai xogadores, equipo técnico e diñeiro suficientes?**

Comecemos polos técnicos. Fixemos no seu momento unha aposta na que xa tiñamos apalabrada a continuidade dun técnico, Óscar Dimerans, un gran adestrador con quen ascendemos da Primeira Autonómica a Preferente. Pero veu a pedirnos que rescindíramos o seu contrato por querer marchar a un clube mais próximo ao seu fogar. Lle deixamos ir sen ningún problema.

A proposta de varios directivos foi apostar por Lino Estévez, de Salceda, que naquel momento tiña 23 anos. Agora ten 27 anos e posúe o máximo título nacional de adestradores. Con el dimos este ano o salto á Terceira. O preparador físico é Daniel Da Silva, de Crecente, ven do mundo do ciclismo e xa adestrara ao equipo B, que ven sen competir desde 2020. O segundo adestrador é Tomás Comesaña, anteriormente xogador do Juvenil e do Rápido de Bouzas. Temos unha coach, Loli, que fai traballos de psicoloxía e un fisio que é de Vigo.

O fundamental é que comprendan o xogo que os nosos técnicos queren. O importante é que o equipo B colla a sintonía do equipo A. Como din moitos técnicos, "o Juvenil de Ponteareas trata moi ben o balón". Temos moita carga física pero sobre todo temos moito xogador de fútbol. É unha identidade que temos dende fai anos.

A día de hoxe, en Terceira, entre Vigo e Ourense, só estamos nós. Na provincia de Pontevedra nestes momentos só estamos cinco equipos en Terceira: o Estradense, o Rápido de Bouzas, o Choco de Redondela que é o noso espello porque ten unha grande base de escola, está en División de Honor en Junior, en cadetes e infantil na máxima categoría. Unificaron as escolas e alí os tes, xogando cada dous anos a fase de ascenso á Segunda B, cun presuposto moi xusto pero que saca rapaces da canteira; e o Coruxo. Outro equipo que me gusta mirar é o Betanzos. A nivel de Estado, o Amorebieta, que este ano subiu a Segunda. Un pobo de 19.000 habitantes, nós temos 23.000.

O entramado é un gran corpo técnico. Agora temos que empezar a crecer no apoio institucional, empezando polo municipal, tomando en conta que neste 2021 cumprimos 70 anos do Juvenil e co difunto Pepe (Represas) tiñamos deseñado un proxecto "de 70 a 75". Temos por tanto que falar coas 23 parroquias, coa vila, co empresariado e mais cos comerciantes.

**Por qué a vila de Ponteareas non é capaz de ter un equipo consolidado en categorías superiores? Qué falta para que se**

**poida alcanzar este obxectivo?**

Eu o que teño moi claro é que ás veces o que necesitamos é demandar cariño. Ponteareas é o que nós queremos que sexa. Á vila os que teñen que poñerlla en valor son os ponteareáns. Neste momento estamos á par a nivel de poboación coa categoría deportiva na que estamos. Estamos entre as 23 vilas galegas con equipo en categoría de carácter nacional, incluídos Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Ferrol, Santiago, A Coruña, Lugo. O que temos que facer é unha chamada para arrimar o hombro porque en Ponteareas sabemos apreciar o bo traballo.

**Pero aquí estamos falando da necesidade dun apoio constante, perenne.**

Pero fáltanos cultura para alcanzar eses micropatrocinios, especialmente en materia comercial. A publicidade é un investimento. Neste momento xa hai en Ponteareas ese caldo de cultivo para que isto empece a dar froito. En Ponteareas estamos a transformar esa preocupación cidadá por ter responsabilidade co Juvenil. Hoxe, o Juvenil son os 23.000 habitantes de Ponteareas mais os da bisbarra de Condado-Paradanta.

**Pero a xente xoven das aldeas xa non teñen o mesmo espírito que tíñase antes co Juvenil.**

Porque en vez de "acariñalos" co Juvenil, os clubes que habían ao redor "encabronábanse" co Juvenil. Aínda así, a xente de Moreiras, de Oliveira veñen a Pardellas a ver ao Juvenil.

**Pero terás que buscar unha fórmula atractiva para que o Juvenil sexa a orixe desa identidade, que provoque a asistencia a Pardellas da xente das aldeas. Implicar á xente co Juvenil.**

Temos un proxecto de levar ao campo de Pardellas con novos logos, novas formas, copiar dos modelos do fútbol alemán, do inglés, que transforme a cultura do fútbol amateur. Cando vexamos a rapaces coa gorra ou a camiseta do Juvenil, que saen así á rúa e van ao campo de Pardellas, estaremos vendo que aquí estamos a cambiar algo. Esa aposta vaise facer dende aquí e esa batalla ímola gañar dende aquí. Ten que ser a bandeira do que queremos para a nosa vila, para a nosa comarca.



**Cómo está a situación da plantilla de cara a próxima tempada?**

A Federación limita en 22 xogadores o número máximo para a plantilla. Temos a plantilla completa, con algúns xogadores a proba. Podemos utilizar xogadores do equipo B no A. O noso orzamento está pautado en 180.000-200.000€. Temos actualmente 150 socios e agardamos chegar aos 500.

**E de onde pensades sacar ese orzamento?**

O noso apoio fundamental este ano ten que ser o Concello, así como a Deputación de Pontevedra e moita menos cuantía da Xunta de Galicia. A Real Federación Española de Fútbol, que nos dará sobre 40.000€ dentro do Programa Impulso para profesionalizar o deporte, para costear desprazamentos, loxística, etc.

**Dereitos televisivos?**

Hai 2.000€ da TVG para retransmitir algún resume do partido. Estamos nunha aposta moi forte polo comercio local e comarcal, e queremos ser o escaparate da comarca, do Condado-Paradanta en toda Galicia. Alí onde vaia a xogar o Juvenil temos que lograr que a xente, ao pouco de acabar o partido, coñeza un pouco mais Ponteareas, con promoción económica, repartindo folletos da comarca, etc.

TALIER
SALÓN
Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA 986 641579
peluqueriatalierlmt@gmail.com

Funeraria Porto
SERVICIOS FUNERARIOS
Telf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955 y 649 376 959
PONTEAREAS - Pontevedra

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino,2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva,18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

Restaurante
O'Rianxo
algo diferente no condado
Vilasobroso
Mondariz
telf: 986 654 434

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13
Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552
milfollas@mundo-r.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

# Nace a Plataforma en defensa da sanidade pública en Ponteareas

A Plataforma en defensa da sanidade pública en Ponteareas nace como resposta á continua degradación e empeoramento do servizo de atención primaria no Centro de Saúde do municipio. O obxectivo desta organización, plural, apartidista, e representativa, é a de reinvindicar máis medios materiais e sobre todo humanos, para que a veciñanza de Ponteareas poida recibir un servizo asistencial de calidade.




A atención primaria en Ponteareas presenta unha falta de recursos materiais e humanos que cada vez son máis preocupantes. Durante este mes e o que vén, o Sergas, debido a falta de persoal facultativo que poda substituír baixas ou vacacións, decidiu interromper todas as consultas ordinarias en horario de tarde no centro de saúde de Ponteareas, e derivar aos pacientes de urxencia ou que xustifiquen que non puideron acudir de mañá ao PAC. Para a alcaldesa Cristina Fernández "non é aceptable que moitos veciños e veciñas teñan que aprazar todas aquelas revisións ou probas que non se precisen de xeito inmediato".

# Xa se pode obter o certificado COVID e a Chave 365 no Centro de Servizos Sociais

Xa é posible obter o certificado COVID e a Chave 365 no Centro de Servizos Sociais de Ponteareas, na rúa Oriente en horario de 08.00 a 14.30 horas. O Concello cedeu este espazo á xerencia do Sergas da Área Sanitaria de Vigo para poder ofrecer este servizo aos veciños e veciñas da vila e tamén da comarca.



A alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, destaca que este servizo é produto da colaboración entre administracións para ofrecer unha mellor atención á veciñanza. Neste lugar pódese solicitar a alta da Chave 365, un sistema que permite o acceso ao certificado COVID, e a aplicación E-Saúde con seguridade. Tamén se pode obter unha copia impresa do certificado para presentar nos lugares no que é preciso.

# Sancións á residencia de Santa Ana por prestar servizos a persoas que a Xunta non atende

O Concello de Ponteareas "lamenta profundamente" as sancións impostas pola Xunta de Galicia á residencia de maiores do municipio. O Goberno autonómico alude que o centro "acolle a usuarias e usuarios dependentes candos as prazas son para persoas con autonomía", pero o que "non consideran é que estas persoas non teñen outra alternativa asistencial", denuncia a concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera. A edil explica que "levan tempo agardando por unha praza nun centro especializado dependente da Consellería de Política Social do Goberno galego que non termina de chegar", e que, "para protexer a súa saúde", no Concello decidiuse mantelas dentro do servizo, malia non ser "a nosa competencia".



A administración local destina en torno a 2 millóns de euros a servizos impropios para resolver necesidades que son competencia da Xunta. Por todo isto, dende o Concello solicitan "o arquivo do expediente sancionador", e lembran que o obxectivo das institucións públicas "debe estar na procura do benestar social das persoas".

# Sergio de Arcos, primeiro premio no concurso de banda deseñada do Garaxe Hermético

O Concello de Ponteareas, a través do concelleiro de Cultura, Fernando Groba, felicitou ao veciño Sergio de Arcos polo seu primeiro premio no concurso de banda deseñada que organiza a escola O Garaxe Hermético. O seu manga "Mental Process: Trust", guión de Sam, impresionou o xurado polo seu coidado debuxo e historia, nunha edición que destacou polo seu "alto nivel", e será publicado por Retranca Editora.




O debuxante súmase a grande factura de artistas desta especialidade en Ponteareas, como Pablo Prado e Anémona de Río, que publicaron recentemente dous álbums con Galaxia e Xerais: "O derradeiro libro de Emma Olsen", adaptación da novela de Berta Dávila, e a "A proba da auga".

FORO A PENEIRA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección**: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



# Que unha verdade non che estrague un bo titular

Esta frase é moi coñecida no eido da información. Reflexa, dalgún modo, o que hoxe pretendo comunicarlle aos meus sufridos lectores.

Partindo do que para min é un principio comprobado, que os medios de comunicación, en xeral (imos deixar un pequeno marxe para uns cantos que pidan quedar fora da queima) son tóxicos, tentarei expoñer unha cantas mostras dos efectos deste virus informático que non ten vacina nin se lle espera.

Todos os días podemos comprobar a inconsistencia das declaracións dos nosos políticos sobre calquera tema que teña como protagonista os membros do partido da oposición. Pouco importa que o que se declara sexa ou non verdade. O que importa é que a mensaxe chegue aos ouvidos daqueles que entendemos "son dos nosos" e temos que mantelos entretidos para que non se crean o que expón o partido contrario, sobre todo se está no poder.

Medios non nos van faltar. Cando eu era un crío, e non tan crío, toda a información que nos chegaba viña da man do Faro de Vigo. Era o non plus ultra nos eidos do rural e da vilas desta zona do sur de Pontevedra. Cando se falaba dun xornal todo o mundo pensaba no Faro, aínda que non fora tal. Xornal = Faro de Vigo.

Claro que os tempos pasaron e agora podemos falar de ducias de medios que non son Faros. Logo a posibilidade de que nos metan gato por lebre resulta multiplicada. Se ademais lle sumamos as chamadas redes sociais entón a marabunta de canles de información xa nos desborda. Claro que isto non tiña por que ser daniño se a súa utilización fora honesta, decente, axustada a verdade. Pero é aquí onde xorde o problema.

As opcións políticas dominantes dispoñen de medios chamados afíns. Obviamente non son todos exactamente iguais pero a finalidade das súas información non se apartan do mesmo código informativo: os meus deben ten un plus ao seu favor, por algo son nosos.

O problema non reside en que os medios nos enganen diariamente. O problema está en que nós, os lectores, non sabemos cando o están facendo. Cremos case todo o que se publica como certo porque entendemos que senón non seria publicado, alguén tomaría cartas no asunto e denunciaría os feitos como un delitos de desinformación grave. Isto non ocorre. O mundo funciona doutro xeito. Os lectores tragan todo o que lle boten e máis. Só é preciso que a información saia dos que nós entendemos "son dos nosos". Non pedimos máis. Xa poden soltarnos a troula máis grande que sempre teremos maneira de rebaixala. Como todos son iguais a min váleme, soemos dicir para xustificarnos a nós mesmos.

Eu podía expoñerlles aquí e agora ducias de informacións que foron falsas en orixe e seguen sendo falsas, obviamente. Poderiamos estar ata pasado mañá e non dariamos rematado. Vou, sen embargo citarlles unhas cantas; non importa o número. Vexamos.



Cando comezou a pandemia e o goberno tomou unhas determinadas medidas no Parlamento todos estiveron de acordo. A proposta do goberno saíu adiante sen problemas. Isto durou pouco tempo porque os populares decatáronse de que o Goberno estaba gañando puntos e había que poñerlle algún tipo de cambadela. A terceira vez, creo, para renovar o acordo do Parlamento dixeron que non. Habería que tomar outras medidas sen especificar, realmente, en que consistían. O asunto era non darlle gas ao Goberno. Máis tarde presentan unha denuncia sobre os resultados daqueles primeiros plenos. Finalmente as autoridades xudiciais danlle parcialmente a razón e crean unha situación rocambolesca: piden medidas moitos máis drásticas das que se tomaron, pero mantiveron o pulso contra o Goberno que era o obxectivo. Os medios afíns, obviamente fixéronse eco deste procedemento e considerárono correcto. Era decente, honesto? Non importa; era legal.

A luz subiu ultimamente unha barbaridade. Culpable, o Goberno, claro. Tiña que rebaixar os impostos estatais sobre cada recibo. Así se fixo, pero cando alguén dixo que a solución era que o Estado dispuxera de fontes de enerxía, chámense centrais eléctricas ou doutro tipo, que hai algunhas xa rematadas as concesións e o Goberno debe aproveitar a oportunidade para constituír unha central eléctrica pública, aquí xa se acenderon as luces largas. Non pode ser. Iso seria como unha nacionalización das empresas privadas. Aos ricos, que son dos nosos, non tocarlle. Normal, non podemos pedir quer as opcións da dereita molesten aos ricos, pero si poderiamos esperar que os medios de comunicación informaran amplamente aos lectores en que consiste ese cambio de empresas eléctricas e como beneficiarían aos consumidores, tanto de dereita coma de esquerda, e aínda de centro se quedan algúns.

Por que non se ten informado con amplitude sobre este serio tema? Sería longo de explicar pero resumindo podo adiantarlles que esas empresas que producen electricidade son donas, na súa maior parte, dos medios de comunicación os cales deberán informar con total liberdade e claridade.

Falemos de pensións. Os gobernos anteriores non se atreveron a tocarlle. Non había marxe. Era imposible subilas. A caixa xa non tiña mais arandelas. Mentira. Hai marxe, hai arandelas e hai de onde sacalas. Claro que aquí outra vez se ven involucrados os propietarios dos medios, en xeral, que deben cotizar máis polos seus traballadores; non se pode xubilar aos funcionarios aos 50 e pico de anos, por exemplo. E máis cousas. Agora parece que as pensións se van subir aínda que a patronal siga poñendo pedras nos zapatos do Goberno.

Este caso, o das pensións, afecta a todos os cidadáns en xeral: ricos, pobres, medianos. Onde están os medios que se poñen a carón do Goberno informando en que consiste a subida e a quen vai beneficiar? Dan a noticia, faltaría máis, pero acto seguido podemos ler comentaristas poñendo en dúbida que iso poida ter moito recorrido. Mellor facerse seguros privados para a xubilación; mellor engrosar as contas das grandes empresas que están esperando fracase unha medida así tan social e necesaria. Ai está a indecencia. Os medios tratan de convencer aos cidadán para que caian nas gadoupas das multinacionais dos seguros.

Asistimos a un discurso bronco dos partidos que non gobernan amplificados polos medios. Xa non digamos as redes sociais que esas non hai quen as controle aínda que saibamos a quen benefician. Os medios escritos influentes deberan manter un código ético para que os lectores tiveran nas súas mans información seria, decente, honesta. Non todo vale o diga quen o diga. Deberán borrarse certas declaracións que se sabe son mentiras de raíz, non darlle carta de natureza como se foran dogmas. Iso sábeno os xornalistas, sábeno os directores dos xornais, sábeo todo o mundo aínda que miren para outro lado.

Pero que pasa cos cidadáns? Realízase unha enquisa e din que as opcións políticas que están envelenando aos lectores, que menten máis que falan, suben no ranking. Os beneficiados vólvense tolos e din "este é o camiño"; temos que seguir contando enganos, e gañando, que así medramos". E os lectores sentados nunha cadeira dun bar tragándose todos estes embustes e crendo que lle están resolvendo os seus problemas. Isto é a miseria da información xeral deste Pais. Nin sequera utilizan unha linguaxe respectuosa, educada. Non se cortan. Poden chamarlle trileiros, embusteiros. Titulares ampulosos con información que se sabe viciada en orixe. Elevar a categoría o que non é máis que unha frase de taberna. Hai que captar a atención custe o que custe. É aí o significado do titular: que unha verdade non che estrague un bo titular.

www.novasdoeixoatlantico.com

# Condado/Paradanta

PONTEAREAS

## O Concello reclama ao Goberno que actúe coa maior dilixencia para mellorar a seguridade viaria na estrada N-120 e impulsar a variante da A-52

Tras unha reunión coa Subdelegación do Goberno, na que participaron tamén un representante da Plataforma N-120 e a segunda tenente de Alcaldesa, Chus Garrote, ante a falta de información concreta, a alcaldesa, Cristina Fernández Davila, púxose en contacto co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, solicitando de maneira urxente información sobre o estado destas actuacións, os seus prazos e a previsión de importes.

"É imprescindíbel que o Ministerio impulse estas actuacións coa maior dilixencia. A situación requíreo, levamos xa moitos anos escoitando promesas, e non podemos permitir máis demoras nin faltas de concreción", reclama a rexedora. Así mesmo, considera "imprescindíbel que o Ministerio poña sobre a mesa un cronograma cos prazos concretos e verificables, aos que o goberno ponteareán fará seguimento, e onde se establezan as diferentes fases do procedemento para chegar á execución destas obras".

En canto nova Variante ou Circunvalación, a concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, lembrou que, "o trazado co que se iniciaron as negociacións co Concello xa contemplaba que a variante unise o enlace da A-52 coa N-120 á altura do Barral, e sempre deixamos claro que ese era o noso interese"

## O PP rexeita o novo trazado da variante de Ponteareas

O Grupo Municipal do PP coñeceu o proxecto que baralla o Goberno de Sánchez para executar a variante de Ponteareas, que non conta con partida económica nos Orzamentos Xerais do Estado despois de que o Goberno PSOE-Podemos eliminase os 21 millóns de euros que deixara o Goberno do PP, en 2018, para esta infraestrutura.

O PP lémbralle ao Goberno Central que no ano 2019, por parte do Ministerio de Fomento xa se falou do trazado da Variante, desde a saída na A52 (Angoares), e desvío polo marxe oeste do centro urbano, con saída na N-120 por encima do Instituto O Barral, asegurándose que se reducía considerablemente o tráfico pola parroquia de Angoares e os tráficos pola N-120, entre as parroquias de Xinzo, Areas, Arnoso.



No PXOM de Ponteareas dende a súa aprobación inicial, no ano 2013, o trazado da Variante é o mesmo, e agora, no ano 2021, se cambia. A nova proposta arrincaría na A52, pero sairía na N-120 á altura da parroquia de Areas, proposta que non soluciona o problema existente senón que o agravaría, ademais das afeccións deste novo trazado nas parroquias de Guláns, Areas, Arnoso e Xinzo.

## Máis de 33.000 euros da Xunta para os clubs deportivos de Ponteareas

A Secretaría Xeral para o Deporte fixo públicas as subvencións concedidas a entidades deportivas do municipio por valor de 33.886,69 euros.

O Grupo Municipal do PP agradece as axudas que acaban de facerse públicas no DOG, referentes ás subvencións para entidades deportivas de Ponteareas para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19.

A portavoz local, Belén Villar, lamenta a desidia do Goberno local, que aínda non puxo en marcha as axudas a nivel municipal. "Un ano máis temos que estar a rogar ao bipartito e lembrando que fagan os seus deberes. Que por favor poñan estas axudas en marcha e así os clubs poidan continuar coa súa actividade".

## O paro baixou un 11 % dende xaneiro en Ponteareas

O paro baixou un 11 % no primeiro semestre do ano en Ponteareas. En xaneiro había 2.046 persoas paradas, e a finais de xullo 1.833, un 8 % da poboación total do municipio. A tendencia é positiva e, se toda vai segundo o previsto, vaise manter coa recuperación económica posterior a COVID.

A concelleira de Emprego, Vanesa Fernández Soage, explicou que dende o goberno "estamos planificando unha actuación cos grupos de idade que máis paro teñen, as mulleres e os homes maiores de 25 anos". No mes de xullo había en Ponteareas 1.148 mulleres maiores de 25 anos en situación de desemprego, o 62 % do total, e 609 homes, o 33 % do total.

Por sectores de actividade o de servizos é o que rexistra un maior paro (1.296 persoas), seguido da industria (228), a construción (107), e a agricultura e a pesca (58). 144 persoas aínda non traballaron nunca. O Concello quere lembrar á veciñanza que no Centro de Desenvolvemento Local dispón dun servizo de orientación laboral a súa disposición.

**Máis información na nosa web**

**www.novasdoeixoatlantico.com**









# Covelo humaniza o camiño da igrexa de Santa María de Paraños



Un investimento de case de 41.000 euros da Deputación de Pontevedra permitiu embelecer e mellorar a accesibilidade do camiño da igrexa de Santa María de Paraños, ao tempo que levouse a cabo unha humanización de toda a contorna. As obras foron supervisadas polo deputado de Economía e Facenda, Carlos Font; a deputada de Cohesión Social, Olga García, e o alcalde, Juan Pablo Castillo nunha visita institucional.

A actuación cínguense ao camiño que conecta o conxunto formado polo templo e o cemiterio parroquial a través doutra vía rural coa N-120. O proxecto, que remarca a prioridade peonil e elimina todo tipo de barreiras arquitectónicas, consistiu na pavimentación do firme de xabre cunha base de formigón incluíndo unha zona empedrada con lousa de granito, a modo de vestíbulo, na contorna das edificacións relixiosas. Alí tamén habilitáronse dous bancos. A maiores, o concello renovou o saneamento.

O camiño embeleceuse con franxas transversais de pedra e tamén quedou dotado dunha nova rede de recollida de augas pluviais coas respectivas arquetas e grellas de ferro. No deseño respectáronse os accesos da circulación rodada ás fincas e predios colindantes, así como as conexións peonís coa contorna da igrexa e as vivendas da zona. Atendendo á suxestión de Patrimonio o encontro dos pavimentos cos muros de peche tanto do adro como do parcelario da zona resolvéronse con bandas de pedra de granito silvestre de 8 centímetros.

O investimento total da Deputación de Pontevedra en Covelo, desde o ano 2016, supera os 5 millóns de euros. Este ano, no marco do Plan Concellos, o municipio recibe máis de 460.000 euros. Dende o ano 2016 Covelo foi quen de executar 25 obras financiadas pola Deputación con cargo a este operativo de financiamento regrado. A maiores, obtivo achegas en concorrencia competitiva para a mellora da seguridade dos viarios municipais (86.757 euros do plan DepoRemse) e para o proxecto de mellora de accesibilidade e humanización da praza de Barciademera (287.407 euros do Plan de Reequilibrio). O Concello puido contratar tamén a 95 persoas desempregadas ata o ano pasado para desempeñar traballos temporais en servizos municipais con cargo ao Plan Concellos. Este mesmo ano acolle a 16 traballadores/as máis.

# Axudas aos negocios do Covelo

Os negocios de O Covelo poden solicitar axudas para paliar as consecuencias da crise do COVID- 19 e minimizar así a grave situación económica. Estas axudas parten do concello de O Covelo e da Deputación de Pontevedra.

Os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas, que exerzan a actividade económica no concello de Covelo figurando na matrícula do imposto de actividades económicas, e que o domicilio social e fiscal estea situado no termo municipal. Poderanse beneficiar destas axudas: A) Empresarios individuais ou autónomos. B) Pequenas empresas

O importe destinado a esta convocatoria é de 6.984,83 €, que será repartido entre os beneficiarios da subvención. O prazo de presentación de solicitudes, será de quince días hábiles dende o martes 17 de agosto de 2021 A información para a obtención das axudas estará a disposición na web do concello e na sede electrónica, así como no BOPP Num.156.



# Dúas etapas da Volta Ciclista a Galicia 2021 en Ponteareas

Ponteareas será unha vez máis un dos espazos máis importantes para o ciclismo galego. Entre os días 16 e 19 de setembro a vila do Tea acollerá dúas etapas da 19 edición da Volta Ciclista a Galicia: a inaugural, unha contrarreloxo individual de seis quilómetros con saída e chegada no centro do municipio, e a segunda, que partirá dende Ponteareas e regresará a ela tras un percorrido de máis de 140 quilómetros polo concello e a comarca.

O concelleiro de Deportes, Miguel Bouzó, agradece a Federación Galega de Ciclismo que tivese en conta Ponteareas como punto de partida desta competición, que décadas atrás lideraron os ciclistas ponteareáns da familia Rodríguez Barros. Así mesmo, destaca a "gran tradición deste deporte na vila, que conta co récord de tres gañadores de La Vuelta a España: Álvaro Pino, e os irmáns Delio e Emilio Rodríguez Barros".

# Ponteareas terá que pechar dúas aulas da súa escola infantil polo deixamento do bipartito

O Grupo Municipal do PP advirte que ás portas dun novo inicio de curso escolar, o goberno bipartito non moveu nin un só papel para licitar as obras e solucionar o problema da Escola Infantil de Ponteareas.

Desde a Xunta de Galicia advertiuse en reiteradas ocasións ao Goberno (BNG-PSOE) que de non adecuar o centro á normativa vixente, executando o proxecto de 2019 que conta co visto e prace da administración autonómica, veranse obrigados a cumprir a lei e facer efectivo o peche de polo menos dúas aulas.

"O prexuízo que está a ocasionar este Goberno ante a súa inacción local é moi grave. Temos unha escola infantil mermada, un auditorio municipal pechado baixo sete chaves, unha residencia de maiores que parece que non cumpre a normativa para atender ás persoas que alí están a acudir. En definitiva, temos un Goberno que está máis preocupado por saír coa pancarta que por solucionar os problemas dos ponteareáns".



# Ponteareas pon en valor os seus xogos tradicionais

Ponteareas quere que os nenos e nenas da vila aprendan a xogar da maneira que aprenderon os seus avós e avoas. A concellaría de Cultura organizou no mes de agosto catro xornadas de xogos tradicionais en varios espazos do municipio para "aprender xogando", expón o concelleiro, Fernando Groba.

Todas se celebraron ás 7 da tarde e foron na Urbanización Ponteareas Cidade, no parque das Pombas, e na praza Maior. A última xornada será o mércores 1 de setembro no parque da Perillana.

# Mondariz da a coñecer a súa tradición cesteira a través dun documental

O documental sobre a tradición cesteira de Mondariz iniciou a súa xira polos roteiros xacobeos cunha presentación no Concello ourensá de Verín. Producido pola compañía EscénaTe, o documental conta con recoñecidos cineastas galegos no seu equipo artístico, como o director Fon Cortizo e o guionista Alexandre Cancelo.

Este documental foi oficialmente presentado en Mondariz o pasado 20 de xullo, e continuou a súa xira por Verín o 20 de agosto. Conta coa axuda e financiamento do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia.

A historia do último mestre cesteiro de Mondariz, Enrique Táboas (1955), serve de fío para tecer narrativamente a memoria colectiva do oficio e os aspectos culturais que o rodeaban, como o verbo propio dos cesteiros da localidade para comunicarse, o papel das mulleres na produción cesteira e a súa íntima relación coa natureza.



Desde o século XIX, esta tradición cesteira de Mondariz foi obxecto dunha gran apreciación en Galicia e Portugal, caracterizada polo uso de láminas de madeira. Sen embargo, esta tradición foise perdendo nas últimas décadas do século XX coa progresiva diminución de artesáns e a chegada dos produtos de plástico. O documental non se presenta como unha obra audiovisual etnográfica, senón como un traballo de recuperación da memoria colectiva con clara visión de futuro.

Tras Verín, o documental continuará a súa difusión polos concellos de Allariz, Arzúa, Rianxo, Redondela e O Porriño.

# Mondariz redactará un proxecto de mobilidade urbana e recuperación de espazos públicos cunha subvención da Rede Ágora

O Concello de Mondariz, que foi o quinto solicitante mellor valorado do grupo de concellos correspondente ao eixe 1, ten concedida unha subvención de 50.000 €

